

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10880 *Real decreto 805/2011, do 10 de xuño, polo que se modifica o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.*

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, cuxos fins e funcións se establecen no seu estatuto, aprobado mediante o Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, e modificado mediante o Real decreto 1516/2006, do 7 de decembro.

O Estatuto do FEGA establece, no seu artigo 3.3, como función do dito organismo, o pagamento das axudas ao envío de produtos comunitarios dentro do Réxime Específico de Abastecemento das Illas Canarias (REA).

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 885/2006 da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, no que se refire á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas do FEAGA e do FEADER, determina que os Estados membros só deben autorizar os organismos pagadores se estes cumpren determinados criterios mínimos establecidos a escala comunitaria.

A experiencia na xestión do REA puxo de manifesto as dificultades prácticas de cumprir adecuadamente os criterios de autorización cando, como no caso que nos ocupa, a recepción das solicitudes de axudas, os controis relativos ao cumprimento dos requisitos para o seu cobramento e a autorización dos pagamentos son realizados por unha Administración distinta e independente da encargada da execución dos pagamentos e da rendición das contas correspondentes á Comisión Europea.

Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Canarias dispón dun organismo pagador autorizado en función do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, modificado polo Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas.

A asunción dos referidos pagamentos polo organismo pagador de Canarias pode simplificar os trámites necesarios e facilitar o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa comunitaria, polo que procede modificar o Estatuto do FEGA para eliminar, do seu artigo 3.3, a mención relativa ao feito de que, entre as funcións do organismo, se encontran o pagamento das axudas ao envío de produtos comunitarios dentro do réxime específico de abastecemento das Illas Canarias.

Por outra parte, o número 3 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 259/2008 da Comisión, do 18 de marzo de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, no que se refire á publicación de información sobre os beneficiarios de fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), establece que os Estados membros nomearán un organismo encargado de crear e manter o sitio web único mencionado no artigo 2 do mesmo regulamento e comunicarán á Comisión o nome e o enderezo do dito organismo.

Parece igualmente conveniente, unha vez transcorrido o período establecido na disposición transitoria terceira do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, clarificar as funcións que, de acordo coa dita normativa, corresponden ao FEGA.

Considérase, así mesmo, conveniente ampliar as funcións da Subdirección Xeral de Auditoría Interna do FEGA para que leve a cabo a avaliación comparativa dos métodos empregados na implementación das medidas da política agrícola común, co fin de impulsar

a difusión de mellores prácticas de xestión e control e de contribuír a garantir a correcta aplicación das normas, as orientacións e os procedementos.

Por outro lado, considérase igualmente procedente engadir ás funcións da Subdirección Xeral de Fondos Agrícolas do FEGA aquela resultante da súa actuación como autoridade competente para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 2003/2006 da Comisión, do 21 de decembro de 2006, no que se refire ás relacións coa Comisión Europea e cos organismos de pagamento.

Por último, designase o Fondo de Regulación e Organización do Mercado de Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM) como organismo de pagamento dos gastos con cargo ao FEAGA relativos á organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e a acuicultura, de conformidade coa normativa comunitaria, constituída polos regulamentos (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común e (CE) n.º 2003/2006 da Comisión, do 21 de decembro de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación no concernente á aplicación con cargo ao FEAGA dos gastos relativos á organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e a acuicultura.

A Comunidade Autónoma de Canarias foi consultada na elaboración deste real decreto.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta conxunta da ministra de Economía e Facenda e do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria.*

O Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións do FEGA:

1. Actuar como interlocutor único ante a Comisión Europea para aquelas cuestións relativas ao financiamento da política agrícola común, de acordo co establecido no artigo 6.3 do Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común.
2. As derivadas da súa condición de organismo pagador de ámbito nacional dos fondos europeos agrícolas para as medidas en que a Administración xeral do Estado teña a competencia de xestión, resolución e pagamento.
3. A xestión, resolución e pagamento das restitucións á exportación e axudas similares que afecten o comercio con países terceiros.
4. A coordinación financeira do sistema de prefinanciamento nacional dos gastos dos fondos europeos agrícolas e do seu proceso de liquidación de contas.
5. A determinación das cantidades imputables por corresponsabilidade financeira aos organismos pagadores das comunidades autónomas, conforme o previsto no artigo 7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. As derivadas da súa condición de autoridade nacional encargada da coordinación dos controis que establece o número 3 do artigo 20 Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.
7. A proposta ou, se for o caso, a participación na elaboración da normativa estatal básica e de execución que afecte o exercicio das súas funcións.

8. As actuacións que, con respecto ao réxime da taxa suplementaria no sector do leite e produtos lácteos, se lle encomendan na normativa estatal sobre o réxime da taxa láctea.

9. As derivadas da súa condición de organismo encargado das actuacións que se establecen na normativa comunitaria relativas á obriga de publicar información sobre os beneficiarios de fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

10. A auditoría interna das actuacións competencia do organismo.

11. Actuar como autoridade competente para a aplicación da normativa comunitaria que establece disposicións de aplicación no concerne ao financiamento con cargo ao FEAGA dos gastos relativos á organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, no que se refire, tanto ás relacións coa Comisión Europea, como ás relacións cos organismos de pagamento.»

Dous. A letra b) do número 3 do artigo 4 queda redactada do seguinte modo:

«b) Subdirección Xeral de Auditoría Interna e Avaliación, que exerce as funcións establecidas no artigo 3.10, o fomento da colaboración cos servizos de auditoría interna dos organismos pagadores das comunidades autónomas e a avaliación dos métodos de xestión e control das actuacións financiadas polos fondos europeos agrícolas.»

Tres. A letra g) do número 3 do artigo 4 queda redactada do seguinte modo:

«g) Subdirección Xeral de Fondos Agrícolas, á cal lle corresponde velar pola aplicación do disposto no artigo 2.2, e as funcións establecidas nos números 4, 5, 9 e 11 do artigo 3, así como a coordinación da interlocución mencionada no artigo 3.1 e a coordinación financeira das actuacións dos organismos pagadores.»

Disposición adicional primeira. *Designación do FROM como organismo de pagamento dos gastos do FEAGA relativos aos produtos da pesca e da acuicultura.*

Designase o Fondo de Regulación e Organización do Mercado de Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM) como organismo de pagamento dos gastos do FEAGA relativos á organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

Disposición adicional segunda. *Supresión de unidades no Fondo Español de Garantía Agraria.*

Queda suprimida a seguinte unidade con nivel orgánico de subdirección xeral:

Subdirección Xeral de Auditoría Interna.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación das disposicións previstas nesta norma non implicará ningún incremento de gasto público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 10 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO